

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

Decreto 223/2006, do 23 de novembro, polo que se modifica o Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regula o programa de vivenda en aluguer.

Tras a publicación, no *Diario Oficial de Galicia* o día 22 de marzo de 2006, do Decreto 48/2006, polo que se regula o programa de vivenda en aluguer, advírtese a conveniencia de efectuar determinadas modificacións.

Estas modificacións veñen clarificar o teor do decreto en canto ao cálculo dos ingresos dos solicitantes de vivendas que soliciten incorporarse ao programa de vivenda en aluguer, recollendo por outro lado a modificación sufrida recentemente polo Decreto 18/2006, do 26 de xaneiro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, para o período 2005-2008, precisando o criterio para o establecemento do límite inferior de ingresos para a incorporación no programa e posterior concesión de subvención ao arrendamento.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Vivenda e Solo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa xuntanza do día vinte e tres de novembro de dous mil seis,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regula o programa de vivenda en aluguer.

O Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regula o programa de vivenda en aluguer, queda modificado como segue:

Un. No artigo 4º.1.a) debe engadirse ao final: «e normativa de desenvolvemento».

Dous. O segundo parágrafo do artigo 12º queda redactado nos seguintes termos: «O prazo máximo para notificar as resolucións ditadas no procedemento administrativo deste programa será de seis meses desde a presentación da solicitude. En caso de non recaer resolución nese prazo as solicitudes de subvención entenderanse desestimadas».

Tres. No artigo 17º engádese un punto 5 co seguinte teor: «O pagamento da subvención ao arrendatario queda condicionada ao puntual e exacto cumprimento por este da súa obriga de pagamento mensual; en caso de incumprimento da dita obriga, deberá afrontar o pagamento íntegro da renda estipulada no correspondente contrato de arrendamento, perdendo o dereito á percepción da subvención ao aluguer dos meses en que tivera lugar tal incumprimento».

Catro. O artigo 18º.1 queda redactado nos seguintes termos: «Poderán ser beneficiarios das axudas destinadas a facilitar o pagamento da renda de aluguer as persoas, unidades familiares ou de convivencia que formalicen un contrato de arrendamento de vivenda no marco deste programa, e cuxos ingresos anuais estean comprendidos entre 0,7 e 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) calculados segundo os criterios establecidos no artigo 7 do Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda para o período 2005-2008. Igualmente para o cálculo dos ingresos familiares teranse en conta, cando sexan adecuadamente acreditados pola unidade familiar ou convivencial, os exentos de tributación, como prestacións de incapacidade permanente ou grande invalidez, prestacións familiares por fillo a cargo, pensións de orfandade, etc.

Ao cómputo destes ingresos anuais será de aplicación, en función dos membros da unidade familiar, o seguinte coeficiente multiplicativo corrector:

Familias dun membro: 1,00.

Familias de dous membros: 0,985.

Familias de tres membros: 0,97.

Familias de catro membros: 0,93.

Familias de cinco membros: 0,88.

Familias de seis ou máis membros: 0,83.

Se algún membro da unidade familiar ou convivencial é unha persoa con discapacidade, nas condicións establecidas na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas, o coeficiente corrector aplicable será o do tramo seguinte ao que lle correspondese.

Non se aplicará a dita ponderación de ingresos cando a súa aplicación supoña a exclusión do solicitante por non acadar os ingresos mínimos; tampouco nestes casos se aplicará a redución por rendementos do traballo que se aplica na declaración da renda. Para estes efectos consideraranse ingresos anuais os de todos os ocupantes da vivenda».

Quinto. O primeiro parágrafo da disposición transitoria terceira queda redactado nos seguintes termos: «Os inquilinos e propietarios de vivendas que teñan un contrato asinado no marco da bolsa de vivenda en aluguer, poderán optar de mutuo acordo a partir da entrada en vigor deste decreto, por integrarse no novo programa cando venza a subvención ao aluguer de doce meses que teña concedida o inquilino ao abeiro do Decreto 199/2002, do 6 de xuño. A dita integración será posible sempre que cumpran con todos os requisitos e nas condicións establecidas neste decreto, incluídas a renda familiar ou convivencial establecida no artigo 18.1º, a renda de aluguer máxima establecida no artigo 4º d) deste decreto, e coa excepción de estar baleiras nos seis meses anteriores».

Sexto. A disposición transitoria sétima queda redactada nos seguintes termos: «As solicitudes de subvención para a rehabilitación da vivenda xa presentadas polos propietarios segundo a regulación do Decreto 199/2002, do 6 de xuño, e as que se presenten tras a sinatura dos contratos realizada ao abeiro da disposición primeira do presente decreto serán atendidas con base na dita normativa e en función do crédito existente para sustentar o programa establecido polo referido decreto».

Disposición derradeira

Única.-Este decreto entrará en vigor o un de xaneiro de dous mil sete.

Santiago de Compostela, vinte e tres de novembro de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Teresa Táboas Veleiro
Conselleira de Vivenda e Solo

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Resolución do 21 de novembro de 2006 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 2 de febreiro de 2006 pola que se establecen subvencións para o desenvolvemento de programas de incorporación sociolaboral destinadas a persoas en situación ou risco de exclusión social.

De conformidade co disposto no artigo 18.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, procédese á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 2 de febreiro de 2006 pola que se establecen subvencións para o desenvolvemento de programas de incorporación sociolaboral destinadas a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Finalidade da axuda: as axudas teñen por obxecto o establecemento de subvencións ás entidades de iniciativa social, para a realización de programas de incorporación sociolaboral que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social.

Norma reguladora: Orde do 2 de febreiro de 2006 pola que se establecen subvencións para o desenvolvemento de programas de incorporación sociolaboral destinadas a persoas en situación ou risco de exclusión social. (*Diario Oficial de Galicia* nº 29, do 10 de febreiro).

Crédito orzamentario: 626.224 euros con cargo á aplicación orzamentaria 05.31.212A.482.1. Estas actuacións están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo e están incluídas no Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006 no seu eixe 44: integración no mercado de traballo das persoas con especiais dificultades.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2006.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

ANEXO

ENTIDADE	PROGRAMA	IMPORTE
ASOCIACIÓN AUTISMO OURENSE	INTEGRACIÓN SOCIOLABORAL DE MULLERES CON PERSOA AUTISTA AO CARGO	10.000
ASOCIACIÓN CORUÑESA DE PROMOCIÓN DO XORDO	SERVIZO DE INSERCIÓN LABORAL E APOIO Á FORMACIÓN SILAF 2006	12.000
ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL A MARIÑA	TALLER PRELABORAL DE EBANISTARÍA	3.000
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS E PROFESIONAIS DA PROVINCIA DE OURENSE	CONSTRUÍNDO EN FEMININO	10.000
ASOCIACIÓN DE FAMILIARES E AMIGOS DOS ENFERMOS MENTAIS - AFAES PORTA NOVA	AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO ESPECIALIZADO EN PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL	8.000
ASOCIACIÓN DE MULLERES XUNTANZA	CURSO DE AUXILIAR DE XERIATRÍA	8.000
ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA COMARCA DO SAR (AMIPA)	TALLER LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NA COMARCA DO SAR	6.000
ASOCIACIÓN DE PAIS A FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (ASPAÑAS)	COIDADOR DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL	20.000
ASOCIACIÓN DE PARAPLÉXICOS E GRANDES MINUSVÁLIDOS DE GALICIA ASPAYM GALICIA	CURSO OPERADOR TELEMÁRketing PARA MINUSVÁLIDOS	7.000
ASOCIACIÓN LUCENSE DE AXUDA ENFERMOS MENTAIS ALUME	HABILIDADES SOCIAIS, ORIENTACIÓN, FORMACIÓN E ACOMPAÑAMENTO SOCIAL PARA DESENVOLVEMENTO DE ITINERARIOS DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL	3.000
ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS DE VIGO	CURSO DE FORMACIÓN EN AXUDA A DOMICILIO E COIDADOS ESPECIALIZADOS PARA ENFERMAS/OS DE ALZHEIMER	5.000
	SERVIZO DE CANGUROS	6.000
ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIOCULTURAL, FORMACIÓN E EMPREGO (ASFEM)	CONTA COMIGO	27.000
ASOCIACIÓN PARA O PROGRESO NA FORMACIÓN	PROGRAMA DE INCORPORACIÓN SOCIOLABORAL DESTINADO A PERSOAS EN SITUACIÓN DE RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (FORMACIÓN LABORAL VIGO)	15.000
ASOCIACIÓN PLATAFORMA POLO EMPREGO	PROGRAMA DE ORIENTACIÓN Á INSERCIÓN SOCIOLABORAL DIRIXIDO A MULLERES MAIORES DE 35 ANOS	15.000
ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS (APEM)	PROGRAMA INCORPORACIÓN SOCIOLABORAL DE PERSOAS CON ENFERMIDADES MENTAIS NA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA	42.000
ASOCIACIÓN PROMOCIÓN E INTEGRACIÓN XITANA	PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO AO EMPREGO	14.000
ASOCIACIÓN REXURDIR DE ACTIVIDADES SOCIAS	PROGRAMA DE PREPARACIÓN PARA O EMPREGO	12.000
ASOCIACIÓN TRATAMENTO DO AUTISTA (BATA)	PROGRAMA FORMACIÓN SOCIOLABORAL E FOMENTO DA INTEGRACIÓN NO MERCADO LABORAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE PSÍQUICA	15.000
ASOCIACIÓN VIGUESA DE ALCOHOLOXIA - ASVIDAL	PROGRAMA DE CAPACITACIÓN PARA INCORPORACIÓN SOCIOLABORAL	7.000
ASOCIACIÓN XARELA FORMACIÓN-ANIMACIÓN	FORMACIÓN MIMOS	12.000
CÁRITAS DIOCESANA DE MONDOŃEDO-FERROL	INTERCULTURAS	6.000
CÁRITAS DIOCESANA DE OURENSE	TALLER DE CULTIVADOR AGRARIO	22.000
CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO	ROCHA. FORMACIÓN BÁSICA LABORAL	30.000
CENTRO DE RECURSOS PARA A MULLER O MENCER - HH. OBLATAS DE FERROL	ESTUDO E DIAGNOSE SOCIAL/DESENVOLVEMENTO ITINEARIOS FORMATIVOS/ ADESTRAMENTO HABILIDADES	25.000
CENTRO DESENVOLVEMENTO RURAL PORTAS ABERTAS	ITINERARIO FORMATIVO E LABORAL	7.000
CENTRO SOCIAL SAN XOÁN BAUTISTA	CURSO DE ELECTRICIDADE EDIFICIOS	8.000
	CURSO DE PLADUR E INICIACION Á PINTURA	8.000